

# RECOLLIDA

Nome da peza: descoñecido

Lugar, parroquia e Concello orixinario da Recollida:

Aldea da Toxa - San Fins de Quión - Concello de Touro

Nome e idade da fonte:

María Alicia Pereiro (76 anos)

Nome do alumno/a que fai a recollida/parentesco:

Aroa Vázquez 6ºB /Neta


Toponimia familiar (nome da casa familiar):

Casa de Pereiro

Transcripción da letra da peza:

*Unha noite no muiño  
unha noite non é nada  
unha semaniña enteira  
esa si que é muiñada  
esa si que é muiñada  
unha noite non é nada*

*Teño un amor na montaña*



*teño un amor montañés  
teño un amor na montaña  
e na ulla teño tres  
(ailalelo ailaleo ailalelo ailalelo)*

*Miña nai miña naiciña  
como miña nai ninghuna  
miña nai miña naiciña  
como miña nai ninghuna  
que me quentaba a cariña  
co calorciño da súa*

*Quedaches de vir ás nove  
viñeches ás nove e media  
quedaches de vir ás nove  
viñeches ás nove e media  
pensas que non é pecado  
engañar a unha morena  
pensas que non é pecado  
engañar a unha morena*

*Hoy aqui mañana allá  
y siempre de borrachera  
quien las paga es mi morena  
cuando voy dormir con ella  
quien las paga es mi morena  
cuando voy dormir con ella*

*Para vir a xunto a min  
para vir a xunto a min  
vai lavar a cara, vai lavar a cara  
vai lavar a cara ghalopín*

*Para vir a xunto a min  
para vir a xunto a min  
vai lavar a cara, vai lavar a cara  
vai lavar a cara ghalopín*

*Eso de lavar a cara  
eso de lavar os pes  
eso de lavar a cara  
eso de lavar os pes  
eso de lavar a cara  
eso que bonito é  
(ailalelo ailaleo ailalelo ailalelo)*

*Polo mar abaixo vai unha troita de pé  
corre que te corre quen a puidera coller  
quen a puidera coller, quen a puidera pillar  
polo mar abaixo, si , á beiriña do mar*

*Mira Maruxiña mira como veño  
cunha borracheira que xa non me teño  
que xa non me teño, como me hei de tere  
é de viño tinto fíxome caere.*

